

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2019/20	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria Motivo: «Necesidade de aprobar polo Pleno os asuntos incluídos na Orde do Día antes de finalizar o presente exercicio»
<b>Data</b>	18 de decembro de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 20:40 ata as 20:58 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
<b>Secretaria</b>	SANDRA MARIA GARCIA CHENLO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
██████████	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
██████████	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
██████████	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
██████████	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
██████████	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
██████████	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
██████████	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
██████████	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
██████████	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
██████████	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	NON
██████████	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
██████████	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
██████████	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



██████████	LUIS MANUEL LOZANO LORENZO (Interventor acctal)	SÍ
██████████	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
██████████	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
██████████	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
██████████	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
██████████	M <sup>a</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
██████████	PATRICIA CARRACEDO DURAN	NON
██████████	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
██████████	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 9 DE DECEMBRO DE 2019

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dado conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 9 de decembro de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### Expediente 5490/2019. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Para dar conta desta asunto, toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco**, quen comeza explicando que estamos a tratar a proposta de modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida e tratamento de lixo, derivada da bonificación do canon unitario de tratamento de residuos urbanos, ao abeiro da solicitude previa á Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA), con aceptación expresa das condicións establecidas na actual Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, de 26 de decembro, e co compromiso de trasladar ás persoas beneficiarias do servizo o importe equivalente ao da

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



bonificación solicitada.

Aos efectos anteriores, di que polo departamento de Intervención fixéronse os cálculos respectivos, do que se deduce unha deficiencia da taxa para cubrir o gasto, correspondéndolle unha aplicación do 2,88% en cada unha das taxas establecidas nesta Ordenanza, e, como consecuencia, elaborouse unha proposta coas novas taxas e que é a que se somete a esta sesión.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luís López Bueno**, manifestando, en primeiro lugar, que esta proposta parte dunha resolución de 15 de xaneiro de 2019 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, facéndose a solicitude a SOGAMA o 19 de febreiro e a Providencia da Alcaldía é de 3 de decembro, polo que se pregunta cales foron as xestións do grupo de goberno para que exista este desface temporal e en que data respondeu SOGAMA, xa que esa resposta non figura no expediente, sendo necesario este documento para poder valorar a xestión do grupo de goberno na tramitación deste expediente.

Por outra banda, atendendo que na resolución da Consellería indícase que a bonificación do canon pódese aplicar no 2019, e tendo en conta o sinalado no informe de Intervención, o cal di, no seu punto primeiro: *“A aplicación da bonificación deberá solicitarse a SOGAMA no prazo dun mes dende a publicación no DOG do importe do canon unitario para 2019 e o importe bonificado (DOG nº16, do 23 de xaneiro de 2019), polo que o dito prazo de presentación de solicitudes remata o 25 de febreiro de 2019”*, e no seu punto terceiro: *“Dentro dos dous primeiros meses do ano 2020, deberase presentar ante SOGAMA unha certificación na que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na declaración anterior. Se non se achega a dita certificación ou se constata o incumprimento das condicións establecidas, será de aplicación o canon sen bonificación, que se facturará antes do 30 de marzo do ano 2020”*., sendo estas medidas o compromiso da procura dunha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva, orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros. Ante o anterior pregunta cales foron as medidas adoptados polo grupo de goberno e cal é a certificación que van a presentar a SOGAMA para aplicar o canon.

Continúa dicindo que no Pleno de Organización, o Sr. Alcalde falaba de coherencia, lembrando que na lexislatura anterior propúxose mediante varias mocións a adhesión ao Plan Revitaliza da Deputación Provincial de Pontevedra, e o Alcalde anuncio recentemente a través da prensa ou da radio que esa opción estase a valorar, polo que lle pregunta se ao grupo de goberno lle falta coherencia, cuestionando o por que no mandato anterior non se entrou na Plan Revitaliza e, sen embargo, agora si, ademais sabendo as vantaxes que supón, sobre todo tendo en conta que os fondos obtidos non só van dirixidos á instalación de composteiros (ao contrario dos fondos da EDUSI, do que tanto presume o Sr. Alcalde), senón que tamén se financia o mantemento, sendo unha medida eficaz para reducir o que se lle paga a SOGAMA en concepto de canon.

Finalmente, traslada que o seu grupo votará a favor desta proposta, pero deixando constancia das consideración manifestadas.

O **Sr. Alcalde** intervén para aclarar que da EDUSI beneficiase toda A Estrada, do que debería estar satisfeito o voceiro do grupo socialista como membro desta corporación. En relación ao tema da “coherencia” e, dirixíndose ao Sr. López Bueno, aconsella que debe ser máis coherente debendo estar máis atento, xa que cando falou do Plan Revitaliza foi na última sesión plenaria previa pregunta dun grupo da oposición en relación ao tema da recollida de lixo, e non na prensa ou na radio como afirma, xa que para falar de cousas seria ou fai nunha sesión plenaria e non na radio municipal, como fai o voceiro socialista; neste orde, lembra que nesa anterior sesión explicou que tivera unha reunión coa Deputación en relación ao Plan Revitaliza e que se estaba a valorar o ter outra reunión para decidir a incorporación ou non a dito Plan, o que dignifica o traballo do grupo de goberno.





Pide a palabra a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, manifestando a importancia de poñer en marcha medidas para a redución de residuos e para incrementar o reciclaxe dos residuos orgánicos; alegrándose que, despois de moito insistir, por fin nos acollamos a ese plan da Deputación, xa que suporá un maior coidado do medio ambiente e unha diminución do importe do recibo do lixo.

O **Sr. Alcalde** lle pide que llo explique ao compañeiro da oposición, porque parece que non se enterou moi ben cando se falou no último Pleno.

Intervén a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba**, para dicir que, á vista do manifestado nas anteriores intervencións, todos, incluído o seu grupo, están a favor do Plan Revitaliza, de feito o BNG o propuxo na lexislatura pasada. Di que, evidentemente, coa posta en funcionamento deste Plan, reduciríase a produción de lixo e, como consecuencia, o volume de recollida, sendo, polo tanto, unha medida moi positiva, aconsellando ao grupo de goberno que non o pense moito, porque está máis que demostrado a súa eficacia.

O **Sr. Alcalde** puntualiza que existe o tema do quinto contedor para o residuo orgánico e destinado ao compostaxe e que, segundo as directrices da Unión Europea, ten que estar implantado para o ano 2020; así que agora estamos pendentes de que a Deputación confirme a segundo reunión e da incorporación dese quinto contedor e, despois, empezarse coa toma de decisións que permitan rebaixar o custo; de feito os datos que ofrece SOGAMA para o tratamento dese quinto contedor ronda os corenta euros a tonelada, estando agora pagando setenta e seis euros por tonelada.

Volve a intervir o **Sr. López Bueno**, dicindo que a quen lle falla a memoria é ao Alcalde, pero memoria a curto prazo, reiterando as preguntas: ¿En que data contestou SOGAMA? e ¿Dentro dos dous primeiros meses do 2020 que medidas van a presentar?, pensando que si xa non contestou será porque non ten resposta.

O **Sr. Alcalde** lle responde que non vai a entrar en debates, explicando que existe unha planificación feita en canto á xestións da recollida de lixo e que inclúe decisións que hai que tomar nos vindeiros meses e de aí veu esa conversación no último Pleno, porque o servizo está baixo mínimos, sendo obriga a inmediata solución para cubrir os postos de persoal, a xestión da recollida selectiva, a xestión do punto limpo, a recollida porta a porta de voluminosos e recollida de residuos orgánicos, en definitiva, unha morea de traballo por diante, esperando ter os medios necesarios para as súas execucións e dar por fin solución ás carencias deste servizo.

O **Sr. López Bueno** reitera outra vez as anteriores preguntas, vaticinando que pode que se perda a bonificación do ano 2019, porque, por moito que o Alcalde diga nesta sesión, SOGAMA pide avances e a adopción de medidas executadas e non un diagnóstico; pero como o Alcalde sempre responde ao que lle convén e non ao que se lle pregunta, pois non ten nada máis que dicir.

Respóndelle o **Sr. Alcalde** que sabe moi ben das condicións que fixa SOGAMA e que antes de propoñer a adopción deste acordo falouse coa súa dirección, polo que vai a responden o que ten que responder e non o que quere que lle responda, ao igual que el non lle di a oposición o que ten que dicir. Continuando, di que a xestión está feita, polo tanto aconsella ao voceiro do grupo socialista que non se preocupe, que todas as xestións están feitas antes de traer a presente proposta, estando acordado que emitírase un certificado antes de febreiro onde se diga que a bonificación está aprobada e, polo tanto, cúmprese a parte do compromiso adquirido para a rebaixa do canon, sendo ese o obxectivo e así se fará.

O **Sr. López Bueno** lle di ao Alcalde que o seu traballo é explicar aos demais grupos, como





representantes dos veciños e veciñas, as medidas ou decisións que se tomen ou se vaian a tomar.

Contesta o **Sr. Alcalde** que explica o que ten que explicar, considerando que está suficientemente explicado, reiterando o manifestado nas anteriores intervencións, observando que os grupos da oposición falan do que lles interesada, esquecendo que ao final os estradenses van a pagar menos polo servizo de recollida de lixo e que, dende que que o seu grupo está no goberno, non se subiu o prezo do recibo.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 04/12/2019 sobre a modificación da Ordenanza fiscal que se indica.

Vista a solicitude da Alcaldía dirixida o 19 de febreiro de 2019 á Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (SOGAMA) ao respecto da bonificación do canon unitario de tratamento de residuos urbanos, con aceptación expresa das condicións establecidas na actual Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro.

Tendo en conta que un dos compromisos asumidos mediante ese escrito implica a modificación da Ordenanza Fiscal da Taxa de Recollida e Tratamento de Lixo a fin de trasladar ás persoas beneficiarias do servizo o importe equivalente ao da bonificación solicitada, con efectos económicos do vindeiro 1 de xaneiro.

Visto o informe emitido o 11/11/2019 pola Sra. Interventora municipal, no que, xunto a outras consideracións, achega datos sobre a facturación de SOGAMA no ano 2019; estima, de acordo cos parámetros legais, o importe máximo da bonificación, e incide nos efectos que a diminución da taxa nun importe equivalente terá sobre a capacidade de financiamento do concello, o resultado orzamentario e o emanente de tesourería.

Vistos os cálculos realizados polo Técnico de Administración Xeral, dos que resulta a insuficiencia da taxa para cubrir o custo do servizo e un 2,88 por cento que se traslada aos contribuíntes en diminución da taxa.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 09/12/2019.

Vista a normativa aplicable e, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS**:

**Primeiro.**- Apróbar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polo Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo, cuxo artigo 6.3 (cadro de tarifas) queda como segue:

<< *Artigo 6. Cota Tributaria*

*3. Establécese o seguinte cadro de tarifas:*

*1 ; Zona Urbana; euros / ano*

*1.1; Usos domésticos; 41,73*

*1.1.1; Vivendas con valor catastral igual ou inferior a 30000 euros no caso de que constitúan residencia habitual ou permanente de unidades familiares nas que os ingresos non rebasen o salario mínimo interprofesional;*

*1.1.2; Vivendas que constitúan residencia habitual ou permanente de persoas beneficiarias da Renda de Inserción Social de Galicia - Risga; 6,94*

*1.1.3 ; Resto de vivendas; 83,46*

*1.2 ; Despachos profesionais; 209,08*

*1.3; Cafeterías, bares, discotecas, pensións e semellantes; 336,78*

*1.4 ; Establecementos comerciais de ata 300 m2.; 209,08*

*1.5 ; Establecementos comerciais de 301m2 a 750 m2.; 336,78*

*1.6 ; Establecementos comerciais de 751 m2 a 1.000 m2.; 543,56*

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: ZK6RT4PFMIPKE4CLH2W9NGP5NF | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 8



EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

- 1.7 ; Establecementos comerciais de 1.001 m<sup>2</sup> a 1.500 m<sup>2</sup>.; 1.087,28
- 1.8 ; Establecementos comerciais de más de 1.500 m<sup>2</sup>.; 1.630,55
- 1.9 ; Entidades financeiras; 543,56
- 1.10 ; Industrias e talleres de ata 200 m<sup>2</sup>; 209,08
- 1.11 ; Industrias e talleres de 201 m<sup>2</sup> a 750 m<sup>2</sup>.; 336,78
- 1.12 ; Industrias e talleres de 751 m<sup>2</sup> A 1.500 m<sup>2</sup>.; 543,56
- 1.13 ; Industrias e talleres de mais de mais de 1.500 m<sup>2</sup>; 814,85
- 1.14 ; Establecementos non incluídos nos apartados anteriores; 209,08
- 2; Zona Rural
- 2.1; Usos domésticos
- 2.1.1; Vivendas con valor catastral igual ou inferior a 30000 euros no caso de que constitúan residencia habitual ou permanente de unidades familiares nas que os ingresos non rebasen o salario mínimo interprofesional; 16,84
- 2.1.2; Vivendas que constitúan residencia habitual ou permanente de persoas beneficiarias da Renda de Inserción Social de Galicia - Risga; 7,16
- 2.1.3 ; Resto de vivendas; 33,72
- 2.2 ; Actividades comerciais e industriais de 4 a 10 obreiros; 101,88
- 2.3 ; Actividades comerciais e industriais de máis de 10 obreiros; 202,20
- 2.4 ; Establecementos non incluídos nos apartados anteriores; 50,56 >>

**DISPOSICIÓN FINAL :**

A presente modificación, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o ....., entrará en vigor e será de aplicación o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**Segundo.-** Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia por un prazo de trinta días hábiles, a fin de que os interesados poidan examinar o expediente (tamén dispoñible na sede electrónica do Concello) e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

**Terceiro.-** No caso de que nese prazo non se presentasen reclamacións, o acordo considerarase definitivamente adoptado, de conformidade co disposto no artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

**Cuarto.-** Facúltase ao Alcalde para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

**Quinto.-** Unha vez aprobadas e en vigor as anteditas modificacións, declararase cumprido o compromiso de adoptar as medidas para trasladar, con efectos económicos do 1 de xaneiro da anualidade correspondente o importe equivalente ao da bonificación ás persoas beneficiarias do servizo de recollida e tratamento de lixo, así como o compromiso da procura dunha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva, orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe dos envases lixeiros.

**Sexto.-** Notificar o presente acordo a SOGAMA para os efectos oportunos.

**Expediente nº 3236/2019. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS RELATIVO Á DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL AS ACTIVIDADES ECONÓMICAS DESENVOLVIDAS EN VARIOS INMOBLES, AOS EFECTOS DE BONIFICACIÓN NO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: ZK0RT4PFMIPKE4CLH2W9NGP5NF | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 8



**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Para explicar este asunto toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco Carracedo**, quen comeza dicindo que, tralas solicitudes presentadas no pasado mes de xullo para obter a bonificación no IBI por usos agrarios, gandeiros ou forestais, algunhas delas requiríuselles que completaran a documentación presentada; presentada polos interesados os documentos requiridos, procede agora resolver as mesmas, declarando como especial interese ou utilidade municipal as actividades económicas desenvolvidas nos inmobles que se relacionan na proposta, para efectos da bonificación por usos agrarios, gandeiros ou forestais do apartado 4 bis do artigo 9 da Ordenanza do Imposto sobre Bens Inmobles, a favor dos titulares catastrais respectivos e nas porcentaxes en cada caso indicadas.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, manifestando o voto a favor do seu grupo a esta proposta.

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 03/12/2019 sobre as solicitudes dos contribuíntes que se relacionan máis adiante para obter a bonificación por usos agrarios, gandeiros ou forestais do apartado 4 bis do artigo 9 da Ordenanza do Imposto sobre Bens Inmobles, presentadas dentro de prazo pero con defectos documentais que motivaron a súa exclusión da proposta do 16 de xullo último.

Vista a documentación contida nos expedientes números 1368/2019, 1369/2019 e 1524/2019.

Visto que, este beneficio fiscal está sometido á condición de que o Pleno do Concello declare de especial interese ou utilidade municipal as actividades económicas realizadas nos inmobles por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego.

Visto que, o apoio e a promoción da economía estradense requiren medidas de impulso ás actividades do sector primario, como é o caso das explotacións agrícolas e gandeiras realizadas nos respectivos inmobles.

Vistos os informes emitidos con data 02/12/2019 polo TAX do departamento de Intervención, que contan coa fiscalización da Sra. Interventora e que constan en cada un dos nomeados expedientes.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o 09/12/2019

Vista a normativa aplicable e, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS**:

Declarar de especial interese ou utilidade municipal as actividades económicas desenvolvidas nos inmobles que se relacionan a continuación, para efectos da bonificación por usos agrarios, gandeiros ou forestais do apartado 4 bis do artigo 9 da Ordenanza do Imposto sobre Bens Inmobles, a favor dos titulares catastrais respectivos, nas porcentaxes en cada caso indicadas:

Nº de expediente: 1368/2019

Solicitante: García Hermida, César

Referencia Catastral: 36017Q509010210000UX;

Lugar/parroquia: A Pena-Vinseiro

Bonificación: 95%

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: ZK6RT4PFWIPKE4CLH2W9NQPSNF | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 8



Nº de expediente: 1369/2019  
Solicitante: García Hermida, César  
Referencia Catastral: 36017Q501000580000UA  
Lugar/parroquia: A Pena-Vinseiro  
Bonificación: 95%

Nº de expediente: 1524/2019  
Solicitante: Matalobos Tanoira, Humberto  
Referencia Catastral: 36017E511060040000HW  
Lugar/parroquia: Cruces-Baloira  
Bonificación: 95%

Levántase a sesión sendo as vinte horas cincuenta e oito minutos do día do seu comezo.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: ZK6RT4PFMIPKE4CLH2W9NQ5NF | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233